



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

BANDO

EPISODIOS DE AUGA TURBIA NO T. M. DE CAMBRE

Ante os episodios de auga turbia que se estan a producir durante estes días no término municipal de Cambre,

FAGO SABER

En primeiro lugar, que desde esta Alcaldía laméntanse as molestias ocasionadas aos veciños/as. Por desgracia, o problema é alleo a este Concello xa que foi debido a un cambio de réxime no bombeo da Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de A Telva. Segundo información facilitada por EMALCSA unha vez coñecida a incidencia, procedeuse a tomar mostras de auga comprobando que se encontraba totalmente dentro dos límites adecuados para o consumo, descendendo o parámetro de turbidez progresivamente, de xeito que na madrugada de onte, xa se recuperaran os estándares habituais.

Non obstante, no Concello de Cambre, seguíronse a dar episodios de auga turbia en diferentes zonas do término municipal, debido a que é necesario que pasen al menos dous días, para que se elimine por completo o problema residual de turbidez.

O Concello de Cambre mantivo conversas cos responsables de EMALCSA nas que se lles manifestou o descontento coa xestión realizada para solventar o problema, a duración do mesmo e sobre todo coa falta de información facilitada ao respecto. Calquera pode entender que nas infraestruturas se produzan imprevistos, pero o que se lle pediu a EMALCSA é unha maior eficacia, tendo un menor tempo de resposta, así como que sexa facilitada información inmediata de calquera incidencia, sobre todo, se ésta ten repercusión nos veciños/as.

De novo, pedímoslles disculpas polas molestias ocasionadas, e esperamos que o problema residual de auga turbia quede solucionado nos próximos dous días.

Cambre, 7 de abril de 2017

O Alcalde

Óscar A. García Patiño